

Estimadas familias:

Poñémonos en contacto con vosco para informaros sobre o **PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN E CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR** que foi elaborado pola Xunta de Galicia, e de aplicación nos centros escolares da comunidade.

Cal é o obxectivo?

- ✓ Garantir o dereito á educación, xa que é un dereito fundamental dos rapaces e rapazas en idade escolar. Para iso establécese a obriga dos pais e nais de garantir a asistencia a clase dos seus fillos e fillas. Tamén se contempla a obriga dos centros educativos de controlar as faltas de asistencia e puntualidade e informar aos pais, nais ou titores legais cando non se cumpra este dereito.

Conceptos básicos

- ✓ **Absentismo escolar:** ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do 10% do horario lectivo mensual.
- ✓ **Falta de asistencia:** non presenza dun alumno ou dunha alumna nunha sesión completa de clase.
- ✓ **Falta de puntualidade:** asistencia ao centro educativo con posterioridade á entrada das filas.

Cales son as faltas xustificables segundo o protocolo?

- ✓ Citación que implique un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
- ✓ Morte ou enfermidade grave dun familiar en primeiro ou segundo grao.
- ✓ Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- ✓ Indisposicións (máximo de 2 días lectivos).
- ✓ Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.
- ✓ Revisións médicas, sendo xustificable o tempo necesario.

Cales son as medidas de control da asistencia e puntualidade do alumnado?

- ✓ Control e rexistro diario de asistencia a clase por parte do profesorado.
- ✓ Xustificación das faltas de asistencia e puntualidade ante o profesor titor por parte da nai, pai ou titor legal, acompañado, segundo proceda:
 - Xustificante médico, no caso de enfermidade propia ou grave dun familiar en primeiro ou segundo grao.
 - Documento acreditativo, no caso de deber inescusable, presentación a exame ou morte de familiar de 1º / 2º grao.
 - Calquera outro documento acreditativo da circunstancia que xustifique a ausencia.

Cales son as fases do protocolo contra o absentismo escolar?

- ✓ Rexistro das faltas de asistencia e puntualidade do alumnado a través da aplicación informática XADE proporcionada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- ✓ Comunicación ás familias das faltas (dentro dos primeiros 5 días naturais do mes seguinte) por parte do titor.

- ✓ Reunión do titor coas familias cando as faltas son significativas ou presenten dificultades para a súa xustificación.
- ✓ Apertura dun expediente de absentismo, no caso de persistir o problema.

Que é un expediente de absentismo?

- ✓ É un conxunto de documentos nos que se recollen as actuacións derivadas da aplicación do protocolo de absentismo. Adxúntase ao expediente académico do alumno ou alumna.

Que fases ten un expediente de absentismo?

- ✓ Inicio do expediente por parte do profesor titor, cando o alumno ou alumna presenta un número de faltas inxustificadas superior ao 10% do horario lectivo dun determinado mes.
- ✓ Tramitación do expediente:
 1. Recollida de información por parte da xefatura de estudos.
 2. Reunión do titor co pai, nai ou titor legal para analizar e resolver a situación. No caso de reconducirse a situación paralizaríase o expediente.
 3. No caso de non paralizarse o expediente continuarase o protocolo establecido, notificado a situación ao Servizo Territorial de Inspección Educativa e aos Servizos Sociais do Concello de residencia da familia.

ATENCIÓN: En calquera caso que implique a falta de asistencia dun alumno ou alumna á escola, deberedes poñervos en contacto co titor para comunicar a ausencia e saber se é necesaria a realización de tarefas por parte do alumno ou alumna, de cara a evitar dificultades na aprendizaxe das distintas materias.

PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN E CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR

